XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SESTELO - BAIÓN
CURSO: 4º E. PRIMARIA
MATERIA: MEDIOS DE COMUNICACIÓN I
Data: 11-5-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

# ÍNDICE


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| **Bloque 1. Caracterización dos medios e linguaxes mediáticas** | |
| B1.1. Desenvólvese eficazmente en procesos de comunicación sinxelos cos seus semellantes | MC1.1.1. Recoñece o valor esencial da comunicación como medio de integración na sociedade e como vía preferente na resolución de conflitos. CCL CSC<br><br>MC1.1.2. Utiliza a súa capacidade de comunicación para resolver conflitos de xeito asertivo e conciliador. CCL CSC |
| B1.2. Recoñece os elementos do proceso comunicativo e distingue diferentes códigos | MC1.2.1. Identifica nun proceso comunicativo todos os elementos necesarios e a función que desempeña cada un deles. CCL<br><br>MC1.2.2. Interpreta códigos variados, acústicos e visuais, (sinais de tráfico, bandeiras marítimas, alarmas, etc.) e define o concepto de signo.CCL |
| B1.3. Diferencia a comunicación verbal da non verbal e comprende a relación recíproca | MC1.3.1. Emprega a comunicación verbal e a comunicación non verbal para emitir e recibir mensaxes en diversos contextos significativos e comprende a riqueza de ambas vertentes interrelacionadas.CCL<br><br>MC1.3.2. Confecciona mensaxes elaboradas en grupo combinando os dous tipos de comunicación para representar situacións en forma de *roleplay*.CCL CAA |
| B1.4. Comprende mensaxes da prensa escrita e identifica os elementos paralingüísticos básicos que guían a súa lectura. | MC1.4.1. Localiza e interpreta informacións variadas en xornais e revistas identificando titulares, subtítulos, sumarios, pés de foto, etc. CAA<br><br>MC1.4.3. Coñece o vocabulario básico relacionado cos medios de comunicación así como os oficios propios do xornalismo.<br><br>MC1.4.4. Identifica os medios de comunicación escrita do entorno máis próximo e diferencia as súas características, seccións e contidos principais. |

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| | |
|---|---|
| B1.6. Coñece e sitúa no tempo os principais fitos históricos relacionados coa evolución dos medios de comunicación social. | MC1.6.1. Entende o valor multiplicador das innovacións tecnolóxicas aplicadas á comunicación.CMCT<br><br>MC1.6.2. Recoñece e explica as aportacións científicas de persoeiros relevantes na historia da comunicación como Gutenberg, Niepce, Chappe, Tesla, Meucci, Marconi, Edison, Lumière, Baird, Gates, etc.<br><br>MC1.6.4. Valora e identifica as aportacións culturais e artísticas dos medios de comunicación ao longo da historia como fontes de pracer e diversión e a súa utilidade para transmitir moi rapidamente información esencial. CCAC |
| **Bloque 2. Busca de información nos medios** | |
| B2.1. Busca a información que precisa seleccionando a fonte axeitada | MC2.1.1. Accede a medios escritos tanto impresos como dixitais para obter información relevante que logo analiza e integra na súa aprendizaxe.CAA |
| **Bloque 3. Desenvolvemento da conciencia crítica en relación co universo mediático** | |
| B3.1. Coñece e valora as funcións principais dos medios de comunicación social (información, opinión, entretemento, etc.) | MC3.1.1. Comunica os seus xuízos acerca das funcións que desempeñan os medios de comunicación social e valora o seu grao de compromiso con valores cívicos, democráticos e plurais. CAA CSC |
| B3.2. Reflexiona sobre o propio consumo mediático. | MC3.2.2. Confecciona un listado de hábitos saudábeis no consumo dos medios de comunicación. CAA  CSC |
| B3.3. Identifica as emocións que lle producen os medios de comunicación e os diversos prexuízos que transmiten. | MC3.3.1. Expresa e analiza as emocións que experimenta no consumo dos medios de comunicación (euforia, medo, intriga, etc.) e identifica a súa orixe. CCL CAA<br><br>MC3.3.2. Detecta e analiza prexuízos nas mensaxes mediáticas que favorecen a desigualdade entre homes e mulleres, linguaxes sexistas e discriminatorias, etc |

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>- Observación sistemática<br>- Intercambios orais cos alumnos<br>- Análise das producións dos alumnos |
| | Instrumentos:<br>- Escala de observación<br>- Rúbrica<br>- Posta en común<br>- Investigacións<br>- Resolución de exercicios e problemas |
| **Cualificación final** | <u>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</u><br>- 1ª Avaliación : computará un 45% do total da cualificación final do curso.<br>- 2ª Avaliación : computará un 45% do total da cualificación final do curso.<br>-3ª Avaliación : valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballarase na recuperación e reforzo dos contidos non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións. |

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | Para dar resposta as diferenzas individuais do alumnado e co obxecto de atender á diversidade do grupo-clase no proceso de aprendizaxe proporanse actividades que traballan contidos fundamentais e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos .<br>As actividades deste terceiro trimestre serán do seguinte tipo:<br>- Actividades de repaso das Unidades didácticas xa traballadas durante o primeiro e segundo trimestre de maneira presencial ,insistindo especialmente naqueles contidos considerados básicos para acadar as competencias clave.<br>- Visualización de vídeos explicativos ou lúdicos relacionados coa materia.<br>- Videochamada semanal que servirá para atender de xeito máis directo a parte emocional do alumnado e tamén para traballar contidos que estemos repasando.<br>- Actividades de reforzo e recuperación para o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e precisa afianzar os contidos básicos .<br>- Poderán propoñerse actividades de ampliación cun maior grao de complexidade para profundizar nos contidos , ampliar coñecementos e poñer en xogo as competencias adquiridas. Irán dirixidas ao alumnado máis aventaxado. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A metodoloxía será inclusiva, activa e participativa. Terá en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo. Partirase dos seus intereses e coñecementos previos , potenciando a variedade de materiais e de recursos e, neste caso, con máis necesidade, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Todo o alumnado do curso ten conexión a intenet e dispositivos eléctrónicos (nalgún caso tableta facilitada polo centro)para poder seguir as clases de xeito non presencial. |
| **Materiais e recursos** | Recursos materiais: actividades deseñadas pola mestra, actividades imprimibles e descargables.<br>Recursos dixitais: videos de Youtube e páxinas web con recursos educativos. |

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado:<br>- Abalar Móbil<br>- Comunidade Educativa Virtual : Agueiro<br>- Correo electrónico<br>- Teléfono móbil<br>- WhatsApp |
| **Publicidade** | Páxina web do centro. |